



# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@concellodepadron.es](mailto:correo@concellodepadron.es)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tff: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 16 DE XULLO DE 2015

### Señoras e señores asistentes

#### **Alcalde-Presidente:**

Don Antonio Fernández Angueira.

#### **Concelleiros presentes:**

Dona Carmen María Lois Ferrón.

Don José Ramón Pardo Andrade.

Don Andrés Sanmarco Santos.

Dona Lorena Couso Dopazo.

#### **Secretaria:**

Dona Ana María Ares Álvarez.

#### **Interventora:**

Dona Araixa Varela Bermúdez.

Na Alcaldía da Casa Consistorial de Padrón, sendo as dez horas e trinta minutos do día dezaseis de xullo de dous mil quince, baixo a Presidencia do señor Alcalde don Antonio Fernández Angueira reúnen-se as señoras Concelleiras e os señores Concelleiros relacionados na cabeceira, todas e todos membros da Xunta de Goberno Local, co fin de celebrar a sesión ordinaria deste órgano en primeira convocatoria, asistidos da Secretaria da Corporación dona Ana María Ares Álvarez, de acordo coa seguinte:

### ORDE DO DÍA

#### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 2 DE XULLO DE 2015.**

Remitido ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros o texto da acta da sesión ordinaria realizada o dous de xullo de dous mil quince por esta Xunta de Goberno Local, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.

#### **2.- SOLICITUDE DE LEGALIZACIÓN DE OBRAS DE ACONDICIONAMENTO EXTERIOR DE INMOBLES SITOS NA RÚA DOLORES 17 E LIMONEROS 1, PROMOVIDAS POR DONA RAMONA VÁZQUEZ IGLESIAS. EXPEDIENTE 212/2014/LU.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 14 de xullo de 2015:

#### **<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.**

**Primeiro.** En data 14 de novembro de 2012, en resposta a un requerimento da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, remítese informe sobre obras levadas a cabo en inmobles do casco histórico sitos na rúa Dolores 17 e

Limoneros 1, así coma na rúa Santiago nº 3.

**Segundo.** En data 2 de abril de 2013 o Servizo de Coordinación da Área Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria remite acordo referente ás obras dos citados inmobles que require a remisión do expediente no que se inclúan os correspondentes informes municipais sobre a viabilidade das obras e a afección ao Patrimonio Cultural.

**Terceiro.** En data 13 de outubro de 2014 ten entrada no Concello, con número de rexistro 7985, escrito da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, no que se solicita informe sobre se no Concello se ten presentado a documentación requirida á propiedade dos inmobles para a tramitación do expediente de legalización das obras efectuadas nos inmobles sitios na rúa Dolores 17 e na rúa Limoneros nº 1, así coma se foi presentado o proxecto de rehabilitación do inmovible sito na rúa Santiago nº 3.

**Cuarto.** En data 1 de decembro de 2014 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Balaña de Jesús informa favorablemente as obras solicitadas, referindo a necesidade de contar con autorización sectorial en materia patrimonial.

**Quinto.** En data 25 de novembro de 2014 ten entrada no Concello escrito de D<sup>a</sup> Ramona Vázquez Iglesias na que achega documentación requirida para expediente de licenza de obras de rehabilitación. Achéganse coa solicitude dúas copias de "Expediente de legalización de obras menores" redactado e asinado polo arquitecto técnico D. Juan José Blanco Mella, referido aos inmobles sitios na rúa Limoneros e rúa Dolores.

**Sexto.** En data 17 de marzo de 2015 ten entrada no Concello comunicación de acordo de incoación de expediente sancionador polas obras efectuadas nos inmobles sitios na rúa Limoneros e rúa Dolores.

**Sétimo.** En data 11 de maio de 2015 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Balaña de Jesús emite informe técnico sobre a legalización das obras, determinando a súa compatibilidade co planeamento municipal e sometendo o expediente a informe do Servizo de Patrimonio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

**Oitavo.** En data 13 de maio de 2015 remítese o informe técnico municipal ao Servizo de Patrimonio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

**Noveno.** En data 30 de xuño de 2015 ten entrada no Concello resolución do xefe do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Coruña, que informa favorablemente a legalización das obras efectuadas.

**Décimo.** En data 8 de xullo de 2015 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa favorablemente as obras solicitadas.

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO.**

**Primeiro.** Artigo 195.3 da LOUG en canto á consideración da obra como menor.

**Segundo.** Disposición transitoria primeira da LOUG en canto á aplicabilidade do disposto na mesma para o solo urbano consolidado, no caso de solo calificado coma urbano polo planeamento municipal cando éste non se atopa adaptado á LOUG.

**Terceiro.** Ordenanza de Solo Urbano Residencial en Nucleo Antigo (URNA) do vixente PXOM do Concello de Padrón en canto á calificación urbanística do inmovible, usos autorizables e condicionantes urbanísticos. Mesma ordenanza e artigo 47.1 da Lei 8/1995, de patrimonio cultural de Galicia, en canto á necesidade de contar con autorización sectorial en materia patrimonial. Neste senso, resolución do xefe do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Coruña de data 25 de xuño de 2015, favorable ás obras obxecto do expediente.

**Cuarto.** En base ao disposto no informe técnico municipal de data 11 de maio de 2015 e o do asesor



# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@concellodepadron.es](mailto:correo@concellodepadron.es)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tfí: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

xurídico en Materia de Urbanismo do 8 de xullo de 2015, e os argumentos nestes recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 89.5. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

**Quinto.** Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión de licenzas de obras tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

## **PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

**Primeiro.** Declarar a conformidade coa legalidade urbanística do proxecto de legalización elaborado polo arquitecto técnico D. Juan José Blanco Mella, con rexistro de entrada no Concello número 9230, de data 25 de novembro de 2014.

**Segundo.** Outorgar a D<sup>a</sup> Ramona Vázquez Iglesias licenza de legalización das obras de acondicionamento de fachadas e renovación de canalóns e elementos de cuberta dos inmobles sitos na rúa Dolores nº 17 e Limoneros nº 1, conforme o amentado proxecto de legalización elaborado polo arquitecto técnico D. Juan José Blanco Mella, con rexistro de entrada no Concello número 9230, de data 25 de novembro de 2014

**Terceiro.** En base ó establecido no artigo 17.1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG), fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Solo Urbano Residencial en Núcleo Antigo (URNA) dentro do ámbito calificado coma Ben de Interese Cultural (BIC) polo Real Decreto 3260/1977, polo que se declara paraxe pintoresca o entorno no que se integran a Casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia co Cemiterio de Adina e o Xardín Botánico da Vila de Padrón
- b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: legalización de obras menores de acondicionamento exterior de vivendas.
- c) Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: os existentes.
- d) Contía na que se orzan as obras: 4.063,74 euros. (sen IVE)
- e) Situación e emprazamento das obras: Rúa Dolores 17 e rúa Limoneros nº 1, Padrón.
- f) Nome ou razón social do promotor/a: D<sup>a</sup> Ramona Vázquez Iglesias.
- g) Técnico autor do proxecto: D. Juan José Blanco Mella, arquitecto técnico.
- h) Técnico director das obras: non procede.
- i) Empresa contratista das obras: non procede
- j) Prazos para o inicio e terminación das obras: non procede, dado que se trata da legalización de obras xa executadas.

**Cuarto.** A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Quinto.** No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

**Sexto.** Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos

tributos que resulten de aplicación.

**Sétimo.** Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos de urbanismo a fin de que se emita informe sobre a data de finalización das obras e sobre a posible incoación dun expediente sancionador por infracción urbanística leve.

**Oitavo.** Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.** Declarar a conformidade coa legalidade urbanística do proxecto de legalización elaborado polo arquitecto técnico D. Juan José Blanco Mella, con rexistro de entrada no Concello número 9230, de data 25 de novembro de 2014.

**Segundo.** Outorgar a D<sup>a</sup> Ramona Vázquez Iglesias licenza de legalización das obras de acondicionamento de fachadas e renovación de canalóns e elementos de cuberta dos inmobles sitos na rúa Dolores nº 17 e Limoneros nº 1, conforme o amentado proxecto de legalización elaborado polo arquitecto técnico D. Juan José Blanco Mella, con rexistro de entrada no Concello número 9230, de data 25 de novembro de 2014

**Terceiro.** En base ó establecido no artigo 17.1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG), fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Solo Urbano Residencial en Núcleo Antigo (URNA) dentro do ámbito calificado coma Ben de Interese Cultural (BIC) polo Real Decreto 3260/1977, polo que se declara paraxe pintoresca o entorno no que se integran a Casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia co Cemiterio de Adina e o Xardín Botánico da Vila de Padrón

b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: legalización de obras menores de acondicionamento exterior de vivendas.

c) Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: os existentes.

d) Contía na que se orzan as obras: 4.063,74 euros. (sen IVE)

e) Situación e emprazamento das obras: Rúa Dolores 17 e rúa Limoneros nº 1, Padrón.

f) Nome ou razón social do promotor/a: D<sup>a</sup> Ramona Vázquez Iglesias.

g) Técnico autor do proxecto: D. Juan José Blanco Mella, arquitecto técnico.

h) Técnico director das obras: non procede.

i) Empresa contratista das obras: non procede

j) Prazos para o inicio e terminación das obras: non procede, dado que se trata da legalización de obras xa executadas.

**Cuarto.** A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Quinto.** No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de



# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@concellodepadron.es](mailto:correo@concellodepadron.es)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tfí: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

**Sexto.** Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

**Sétimo.** Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos de urbanismo a fin de que se emita informe sobre a data de finalización das obras e sobre a posible incoación dun expediente sancionador por infracción urbanística leve.

**Oitavo.** Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

### **3.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS DE SUBSTITUCIÓN DE PONTÓN EN MAL ESTADO E PINTADO DE GALERÍA DE INMOBLE SITO NA RÚA LONGA Nº 10, FORMULADA POR DON RAFAEL PÉREZ BLANCO. EXPEDIENTE 3/2015.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 14 de xullo de 2015:

#### **<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.**

**Primeiro.** En data 13 de xaneiro de 2015 ten entrada no Concello, con número de rexistro 202, solicitude de licenza municipal de obras de substitución de pontón en mal estado e pintado de galería en inmovible sito na rúa Longa nº 10, formulada por D. Rafael Pérez Blanco. Achégase coa solicitude orzamento, cartografía catastral e fotografías da zona do inmovible obxecto de actuación.

**Segundo.** En data 7 de maio de 2015 o arquitecto técnico municipal D. Francisco Ferro González informa favorablemente as obras solicitadas, referindo a necesidade de contar con autorización sectorial en materia patrimonial.

**Terceiro.** En data 11 de maio de 2015 remítese oficio ao Departamento territorial da Consellería de Cultura e Turismo da Coruña, sección de patrimonio, aos efectos de recabar a pertinente autorización sectorial.

**Cuarto.** En data 3 de xullo de 2015 ten entrada no Concello resolución de data 26 de xuño de 2015 do xefe territorial da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, que autoriza as obras solicitadas.

**Quinto.** En data 14 de xullo de 2015 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa favorablemente as obras solicitadas.

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO.**

**Primeiro.** Artigo 195.3 da LOUG en canto á consideración da obra como menor.

**Segundo.** Disposición transitoria primeira da LOUG en canto á aplicabilidade do disposto na mesma para o solo urbano consolidado, no caso de solo calificado coma urbano polo planeamento municipal cando éste non se atopa adaptado á LOUG.

**Terceiro.** Ordenanza de Solo Urbano Residencial en Nucleo Antigo (URNA) do vixente PXOM do Concello de Padrón en canto á calificación urbanística do inmovible, usos autorizables e condicionantes urbanísticos.

Mesma ordenanza e artigo 47.1 da Lei 8/1995, de patrimonio cultural de Galicia, en canto á necesidade de contar con autorización sectorial en materia patrimonial.

Neste senso, resolución de data 26 de xuño de 2015 do xefe territorial da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, que autoriza as obras solicitadas, coa condición de que se manteñan as características existentes, e que no caso de ter que substituír algunha peza, ademáis do material (madeira) deberá manterse o seu deseño e xeometría, e a cor da pintura deberá ser branca.

**Cuarto.** En base ao disposto no informe técnico municipal de data 7 de maio de 2015 e o do asesor xurídico en Materia de Urbanismo do 14 de xullo de 2015, e os argumentos nestes recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 89.5. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

**Quinto.** Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión de licenzas de obras tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

#### **PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

**Primeiro.** Outorgar a D. Rafael Pérez Blanco licenza municipal de obras para substitución de pontón e pintado de galería en cor branca en inmovible sito na rúa Longa nº 10, con referencia catastral 7820509NH2372S0001GO, expediente 3/2015/LU, conforme os orzamentos e a documentación achegada.

Conforme resolución de data 26 de xuño de 2015 do xefe territorial da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, a intervención deberá manter as características existentes, e que no caso de ter que substituír algunha peza, ademáis do material (madeira) deberá manterse o seu deseño e xeometría, e a cor da pintura deberá ser branca.

**Segundo.** En base ó establecido no artigo 17.1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG), fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Solo Urbano Residencial en Núcleo Antigo (URNA), dentro do ámbito territorial do PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO DE PADRÓN (P.E. 1) e dentro do ámbito do Ben de Interese Cultural composto polo entorno no que se integran a Casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia, o cemiterio de Adina e o Xardín Botánico da Vila.

b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: substitución de pontón e pintado de galería.

c) Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: os existentes.

d) Contía na que se orzan as obras: 1.150,00 euros. (sen IVE)

e) Situación e emprazamento das obras: rúa Longa nº 10, Padrón.

f) Nome ou razón social do promotor: D. Rafael Pérez Blanco

g) Técnico autor do proxecto: non procede.

h) Técnico director das obras: non procede.

i) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán comezarse no prazo de tres (3) meses dende a notificación do acto administrativo polo que se outorgue a licenza e terse rematadas no prazo de seis (6) meses dende o inicio das obras. No tocante á caducidade das licenzas, estarase ao disposto polo artigo 197 da LOUG.

**Terceiro.** A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.



# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@concellodepadron.es](mailto:correo@concellodepadron.es)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tfí: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

**Cuarto.** No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

**Quinto.** Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

**Sexto.** Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais,

**Sétimo.** Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.** Outorgar a D. Rafael Pérez Blanco licenza municipal de obras para substitución de pontón e pintado de galería en cor branca en inmobile sito na rúa Longa nº 10, con referencia catastral 7820509NH2372S0001GO, expediente 3/2015/LU, conforme os orzamentos e a documentación achegada.

Conforme resolución de data 26 de xuño de 2015 do xefe territorial da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, a intervención deberá manter as características existentes, e que no caso de ter que substituír algunha peza, ademais do material (madeira) deberá manterse o seu deseño e xeometría, e a cor da pintura deberá ser branca.

**Segundo.** En base ó establecido no artigo 17.1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG), fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Solo Urbano Residencial en Núcleo Antigo (URNA), dentro do ámbito territorial do PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO DE PADRÓN (P.E. 1) e dentro do ámbito do Ben de Interese Cultural composto polo entorno no que se integran a Casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia, o cemiterio de Adina e o Xardín Botánico da Vila.
- b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: substitución de pontón e pintado de galería.
- c) Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: os existentes.
- d) Contía na que se orzan as obras: 1.150,00 euros. (sen IVE)
- e) Situación e emprazamento das obras: rúa Longa nº 10, Padrón.
- f) Nome ou razón social do promotor: D. Rafael Pérez Blanco
- g) Técnico autor do proxecto: non procede.
- h) Técnico director das obras: non procede.
- i) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán comezarse no prazo de tres (3) meses dende a notificación do acto administrativo polo que se outorgue a licenza e terse rematadas no prazo de seis (6) meses dende o inicio das obras. No tocante á caducidade das licenzas, estarásese ao

disposto polo artigo 197 da LOUG.

**Terceiro.** A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Cuarto.** No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

**Quinto.** Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

**Sexto.** Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

**Sétimo.** Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

#### **4.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL PARA SEGREGACIÓN DE FINCA RÚSTICA SITA NO LUGAR DE CRUCES, FORMULADA POR DON RAMÓN CAJARAVILLE GONZÁLEZ. EXPEDIENTE 84/2015.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 14 de xullo de 2015:

##### **<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.**

**Primeiro.** En data 3 de xuño de 2015 ten entrada no Concello, con número de rexistro 4683, solicitude de licenza municipal para segregación de finca rústica con referencia catastral 15066D503002370000WY sita na parroquia da Santa María de Cruces, formulada por D. Ramón Cajaraville González. Achégase coa solicitude copia de escritura de adxudicación parcial de herencia outorgada perante o Notario D. Francisco León Gómez de data 5 de outubro do 2000, proxecto de segregación de finca rústica redactado e asinado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Javier López López visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas da Coruña, e compromiso asinado polos heredeiros de non edificar as parcelas resultantes.

**Segundo.** En data 24 de xuño de 2015 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa favorablemente a solicitude.

**Terceiro.** En data 11 de xullo de 2015 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa favorablemente a solicitude.

##### **FUNDAMENTOS DE DEREITO.**

**Primeiro.** Artigo 204 e seguintes da LOUG en canto ao réxime aplicable ás parcelacións e segregacións.

**Segundo.** Artigo 2 do Real Decreto 1093/1997, do 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao regulamento para a execución da Lei Hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística (RHU). En canto ao procedemento para a inscrición no rexistro da propiedade.

**Terceiro.** En base ao disposto nos informes do arquitecto técnico municipal de data 24 de xuño de 2015 e do Asesor Xurídico en Materia de Urbanismo do 11 de xullo de 2015, e os argumentos nestes recollidos que





# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@concellodepadron.es](mailto:correo@concellodepadron.es)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tfl: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 89.5. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

**Cuarto.** Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión de licenzas de obras tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

## PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

**Primeiro.** Outorgar a D. Ramón Cajaraville González licenza municipal de segregación de parcela sita no Polígono 503, Parcela 237 (15066D503002370000WY) da Concentración parcelaria de Santa María de Cruces, Padrón, conforme o proxecto de segregación de finca rústica redactado e asinado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Javier López López visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas da Coruña, con rexistro de entrada no Concello 4683, expediente 84/2015.

Conforme o artigo 206.1 da LOUG, deberá facerse constar no rexistro da propiedade a cualidade de INEDIFICABLE das parcelas resultantes, conforme compromiso expreso por parte dos propietarios obrante no expediente, de data 29 de maio de 2015, así coma facer constar tal condición en tódolos actos de transmisión da propiedade.

A configuración da parcela de orixe e das parcelas resultantes quedará coma segue:

### Estado actual da parcela:

*"Finca 237, na paraxe de Salgueiros, con unha superficie de sesenta e un áreas con oitenta centiáreas (6.180 m<sup>2</sup>). Linda: Norte, Obdulia González Reboredo (finca 237-1), correspóndese coa finca catastral 1215; Sur, Avelina Reboredo (finca 238); Leste, camiño de concentración parcelaria; Oeste, río Sar. Referencia catastral: Polígono 503, parcela 237 (15066D503002370000WY). Inscripción rexistral: tomo 368, libro 96, folio 67, finca 8623, inscripción 2ª do Rexistro de Padrón".*

As fincas resultantes da segregación serán as que seguen:

- **Finca 237-A:** Rústica, con una extensión superficial de 3.090 metros cadrados. Linda: Norte, Obdulia González Reboredo (finca 237-1), correspóndese coa finca catastral 1215; Sur, parcela segregada 237-B; Leste, camiño de concentración parcelaria; Oeste, río Sar.
- **Finca 237-B:** Rústica, con unha extensión superficial de 3.090 metros cadrados. Linda: Norte, parcela segregada 237-A; Sur, Avelina Reboredo (finca 238); Leste, camiño de concentración parcelaria; Oeste, río Sar.

**Segundo.** En base ó establecido no artigo 17.1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG), fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Solo non urbanizable común (NU) e solo non urbanizable de protección de ribeiras e canles (PF), conforme o PXOM do Concello de Padrón, solo rústico común e solo rústico de protección das augas conforme o réxime establecido pola LOUG
- b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: Segregación de parcelas.
- c) Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: non procede.
- d) Contía na que se orzan as obras: non procede.
- e) Situación e emprazamento das obras: Polígono 503, Parcela 237 (15066D503002370000WY) da Concentración parcelaria de Santa María de Cruces, Padrón.

f) Nome ou razón social do promotor: Ramón Cajaraville González.

g) Técnico autor do proxecto: Javier López López, enxeñeiro técnico agrícola nº 1049 do COATIE A Coruña

h) Prazos para o inicio e terminación das obras: non procede.

**Terceiro.** Para a emisión da certificación á que se refire o artigo 2 do Real Decreto 1093/1997, do 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao regulamento para a execución da Lei Hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística (RHU), necesaria como título para a inscrición das fincas resultantes no Rexistro da Propiedade, o solicitante deberá instar perante o Concello a emisión da mesma unha vez transcorrido o prazo de un (1) mes dende a notificación do acto polo que se lle outorga licenza, e polo tanto firme e inatacable ésta.

**Cuarto.** A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Quinto.** Dar traslado do acordo adoitado aos departamentos de urbanismo e ao técnico municipal en xestión económica, aos efectos de que se determinen e liquiden, no seu caso, as taxas e tributos municipais aos que esté sometida a presente licenza urbanística.

**Sexto.** Notificar o presente acordo ao interesado, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que ostenta a titularidade orixinaria da competencia para resolver, isto é, perante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.** Outorgar a D. Ramón Cajaraville González licenza municipal de segregación de parcela sita no Polígono 503, Parcela 237 (15066D503002370000WY) da Concentración parcelaria de Santa María de Cruces, Padrón, conforme o proxecto de segregación de finca rústica redactado e asinado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Javier López López visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas da Coruña, con rexistro de entrada no Concello 4683, expediente 84/2015.

Conforme o artigo 206.1 da LOUG, deberá facerse constar no rexistro da propiedade a cualidade de INEDIFICABLE das parcelas resultantes, conforme compromiso expreso por parte dos propietarios obrante no expediente, de data 29 de maio de 2015, así coma facer constar tal condición en tódolos actos de transmisión da propiedade.

A configuración da parcela de orixe e das parcelas resultantes quedará coma segue:

#### **Estado actual da parcela:**

*"Finca 237, na paraxe de Salgueiros, con unha superficie de sesenta e un áreas con oitenta centiáreas (6.180 m<sup>2</sup>). Linda: Norte, Obdulia González Reboredo (finca 237-1), correspóndese coa finca catastral 1215; Sur, Avelina Reboredo (finca 238); Leste, camiño de concentración parcelaria; Oeste, río Sar. Referencia catastral: Polígono 503, parcela 237 (15066D503002370000WY). Inscrición rexistral: tomo 368, libro 96, folio 67, finca 8623, inscrición 2ª do Rexistro de Padrón".*

As fincas resultantes da segregación serán as que seguen:

- **Finca 237-A:** Rústica, con una extensión superficial de 3.090 metros cadrados. Linda: Norte, Obdulia González Reboredo (finca 237-1), correspóndese coa finca catastral 1215; Sur, parcela segregada 237-B; Leste, camiño de concentración parcelaria; Oeste, río Sar.



# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@concellodepadron.es](mailto:correo@concellodepadron.es)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tfí: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

- **Finca 237-B:** Rústica, con unha extensión superficial de 3.090 metros cadrados. Linda: Norte, parcela segregada 237-A; Sur, Avelina Reboredo (finca 238); Leste, camiño de concentración parcelaria; Oeste, río Sar.

**Segundo.** En base ó establecido no artigo 17.1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG), fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Solo non urbanizable común (NU) e solo non urbanizable de protección de ribeiras e canles (PF), conforme o PXOM do Concello de Padrón, solo rústico común e solo rústico de protección das augas conforme o réxime establecido pola LOUG
- b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: Segregación de parcelas.
- c) Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: non procede.
- d) Contía na que se orzan as obras: non procede.
- e) Situación e emprazamento das obras: Polígono 503, Parcela 237 (15066D503002370000WY) da Concentración parcelaria de Santa María de Cruces, Padrón.
- f) Nome ou razón social do promotor: Ramón Cajaraville González.
- g) Técnico autor do proxecto: Javier López López, enxeñeiro técnico agrícola nº 1049 do COATIE A Coruña
- h) Prazos para o inicio e terminación das obras: non procede.

**Terceiro.** Para a emisión da certificación á que se refire o artigo 2 do Real Decreto 1093/1997, do 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao regulamento para a execución da Lei Hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística (RHU), necesaria como título para a inscrición das fincas resultantes no Rexistro da Propiedade, o solicitante deberá instar perante o Concello a emisión da mesma unha vez transcorrido o prazo de un (1) mes dende a notificación do acto polo que se lle outorga licenza, e polo tanto firme e inatacable ésta.

**Cuarto.** A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Quinto.** Dar traslado do acordo adoptado aos departamentos de urbanismo e ao técnico municipal en xestión económica, aos efectos de que se determinen e liquiden, no seu caso, as taxas e tributos municipais aos que esté sometida a presente licenza urbanística.

**Sexto.** Notificar o presente acordo ao interesado, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra o cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que ostenta a titularidade orixinaria da competencia para resolver, isto é, perante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**5.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS LIMPEZA DE TRAMO DE REGATO EN FINCA SITA NO LUGAR DE PICARAÑA, FORMULADA POR DONA MARÍA DEL CARMEN ALLER SEOANE. EXPEDIENTE 56/2015/CP.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 14 de xullo de 2015:

## <<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.

**Primeiro.** En data 28 de abril de 2015 ten entrada no Concello, con número de rexistro 3606, formulario de comunicación previa para a realización de obras e usos do solo e subsolo non suxeitos a licenza municipal para obras de limpeza de regato en finca sita no lugar de Picaraña, con referencia catastral 15066C506000190000IR, formulada por D<sup>a</sup> María del Carmen Aller Seoane. Achégase coa comunicación previa fotografías, datos catastrais, plano do PXOM e copia de autorización da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de data 23 de setembro de 2014 para as obras solicitadas.

**Segundo.** En data 15 de maio de 2015 emítese requirimento de documentación ao interesado ao detectarse unha discrepancia ou contradición na identificación da parcela.

**Terceiro.** En data 1 de xullo de 2015 a solicitante achega escrito subsanando a discrepancia detectada.

**Cuarto.** En data 3 de xullo de 2015 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús emite conformidade coa documentación presentada coma completa e hábil para a tramitación do expediente, sen prexuízo de posterior comprobación que certifique o axuste da intervención á comunicación presentada e á normativa urbanística de aplicación.

**Quinto.** En data 13 de xullo de 2015 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa a comunicación previa presentada

## FUNDAMENTOS DE DEREITO.

**Primeiro.** Artigo 195.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia en canto á suxección ao réxime de comunicación previa dos actos de uso do solo e do subsolo non sometidos a licenza municipal.

**Segundo.** O procedemento para a presentación das comunicacións previas e o seu contido necesario veñen determinados no parágrafo 5 do artigo 194 da LOUG:

– Descrición suficiente das características do acto de que se trate: Consisten na limpeza do cauce dun tramo de regato que discorre pola finca, que na actualidade se atopa obstruído por entullos e vexetación.

– Xustificante de pago dos tributos municipais: neste senso, o Concello non conta nestes momentos cun sistema de autoliquidación tributaria implantado que permita que polo declarante se proceda a determinar o importe dos tributos a satisfacer e deste xeito o habilite para proceder ao pago e contar con tal resguardo. Co sistema actual, e ata unha futura introdución do sistema de autoliquidación tributaria municipal, resulta suficiente conforme o criterio do informante con que o solicitante achegue os datos e elementos de xuízo que resulten necesarios para que pola administración se poida proceder a liquidar o tributo correspondente. Unha vez notificada a devandita liquidación, o declarante deberá proceder ao pago e conservar o resguardo do pagamento, tal e coma se refire na propia comunicación previa. De non procederse ao pago, a comunicación presentada resultará inexacta, o que terá coma consecuencia a declaración de ineficacia da mesma, procedendo a paralización das obras ou ben a imposición dunha sanción, con independencia de que se proceda así mesmo a adoitar as medidas de constriximento para o pago da débeda tributaria que resulten de aplicación.

– De ser o caso, proxecto técnico esixible legalmente e declaración do/a técnico/a ou os/as técnicos/as que autoricen o proxecto de que éste cumpre en todos os seus termos coa ordenación urbanística de aplicación: de acordo co expresado na conformidade técnica municipal, as obras solicitadas non precisan da redacción dun proxecto técnico redactado por técnico competente. Neste senso, o artigo 195 da LOUG exime desta aportación ás obras definidas coma menores, sendo estas obras de escasa entidade construtiva e económica.

– Copia das restantes autorizacións e, de ser o caso, concesións administrativas cando sexan legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento. Achégase



# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@concellodepadron.es](mailto:correo@concellodepadron.es)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tf: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

autorización da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Augas de Galicia, de data 23 de setembro de 2014 para as obras solicitadas, ao condicionado da cal se someterá a intervención.

– Documento de avaliación ambiental, en caso de requirila o uso a que vaian destinadas as obras:  
Non procede.

– Copia da autorización ou ditame ambiental, así coma das restantes autorizacións, concesións ou informes sectoriais cando sexan legalmente esixibles: Non procede o ditame ambiental.

Visto o que antecede, estimamos que a documentación presentada cumpre co establecido no artigo 194.5 da LOUG.

A cualificación urbanística da parcela obxecto da solicitude, de acordo co informado polo técnico municipal, é a de solo non urbanizable común (NU), conforme o PXOM do Concello de Padrón, coa consideración de solo rústico de protección ordinaria de acordo co réxime transitorio establecido pola LOUG, e o uso solicitado resulta compatible co planeamento e a LOUG, sen prexuízo do cumprimento das condicións de edificación e demais normativa urbanística aplicable, das que a declarante refire baixo a súa responsabilidade o seu cumprimento e que será obxecto de verificación coa visita de comprobación.

**Terceiro.** De acordo así mesmo co establecido no artigo 194.5 da LOUG, a comunicación previa presentarase cunha antelación de quince días hábiles ao inicio das obras. A presentación constitúe título hábil para o inicio das obras no prazo indicado, sen prexuízo dunha posterior comprobación por parte do Concello.

Este mesmo prazo de quince días é o que se lle outorga ao Concello para, sen prexuízo dunha posterior comprobación e inspección, declarar completa a documentación presentada ou ben requirir a emenda das deficiencias que presente a mesma.

Polo tanto, e visto o conforme dos servizos técnicos municipais e o informe xurídico municipal e os argumentos neste recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 89.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico e do procedemento administrativo común (LRXPAC), estimamos que procede, dado que non se considera a necesidade de subsanación algunha nin emenda de ningunha deficiencia, declarar completa a documentación e tomar coñecemento da comunicación previa efectuada.

**Cuarto.** Considerando coma órgano competente para o outorgamento das licenzas de obras, e polo tanto para tomar coñecemento da comunicación previa que sustitúe ás mesmas a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998

## PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

**Primeiro.** Declarar completa a documentación presentada e tomar coñecemento da comunicación previa de data 28 de abril de 2015, asinada por D<sup>a</sup> María del Carmen Aller Seoane, para obras de limpeza de tramo de cauce de regato ao seu paso por finca sita no lugar de A Picaraña, con referencia catastral 15066C506000190000IR, expediente 56/2015/CP

**Segundo.** A comunicación previa, toda vez que o Concello acusa recibo da mesma e a considera completa, habilita ao declarante para o inicio das obras no prazo de quince días hábiles dende a entrada da comunicación previa no Concello, sen prexuízo dunha posterior visita de comprobación e informe técnico por parte dos servizos técnicos municipais.

**Terceiro.** Apercíbese ao declarante:

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a

declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

A resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o número anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a exixencia da responsabilidades e poderá determinar a obriga do interesado a restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un período de tempo determinado entre tres meses e un ano.

